

PIONEIRAS DE CIENCIAS DE VIVEIRO

BERMEJO PATIÑO, MANUEL R; FERNÁNDEZ-GARCÍA, M^a ISABEL; GÓMEZ-FÓRNEAS, ESTHER; GONZÁLEZ NOYA, ANA M.; MANEIRO, MARCELINO; PEDRIDO, ROSA; PINTOS BARRAL, XOANA; RODRÍGUEZ-SILVA, LAURA; ROMERO, MARÍA J.
Departamento de Química Inorgánica, Universidade de Santiago de Compostela

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ

IES Anxel Fole, Lugo

GARCÍA SELJO, M^a INÉS

IES Lucus Augusti, Lugo

INTRODUCCIÓN

Nesta comunicación queremos presentar ás mulleres pioneiras de Viveiro (Lugo) que a finais do século XIX e comezo do XX estudaron carreiras universitarias de Ciencias. Pretendemos dar unha visión do comezo da presenza das mulleres de Viveiro na universidade e máis concretamente nas carreiras consideradas de ciencias (Farmacia, Medicina, Física, Química, Matemáticas), mostrar o desenvolvemento da súa actividade profesional e que así sexa coñecido o seu labor e valorado no seu xusto feito.

Con esta visión feminista amosamos as que desenvolven a práctica docente e máis as novas xeracións o camiño xa desenvolvido, para tamén deixamos patente o noso agradecemento ás loitadoras polo dereito a facer unha carreira universitaria á par que as recoñecemos como exemplo e incidimos no que aínda nos queda por conseguir. Rescatar e poñer en valor estas pioneiras é contar esa metade da historia que está por contar, así como sentar as bases sobre as que se asentaron e desenvolveron os estudos e profesións das mulleres actuais que nun número pequeno pero importante, xa vai formando parte do mundo científico e tecnolóxico.

Desde sempre houbo mulleres destacadas en Viveiro que foron e son coñecidas e ás que se lles dedican rúas. Constanza de Castro (século XV), beata (14 de xuño), foi señora do coto de Silán (Muras, Lugo) e seu esposo Ruy Díaz de Andrade, señor de San Pantaleón das Viñas, morreu heroicamente na toma de Granada; atópase enterrada na igrexa de San Francisco de Viveiro. María Sarmiento de Rivadeneira (XVI), fundadora do Colexio Seminario de Nosa Señora da Natividade (1597-1840), en Viveiro, filla de Pedro Sarmiento de Viveiro, señor de Viveiro, e Margarita Pardo de Cela (século XVII), foi fundadora dunha cátedra de artes liberais, filosofía e dunha escola pública.

MULLERES PIONEIRAS DE CIENCIAS DE VIVEIRO

Foron mulleres que naceron ou desenvolveron a súa profesión en Viveiro e estudaron unha carreira universitaria.

Manuela Barreiro Pico, farmacéutica e 1^a Licenciada da Universidade de Santiago de Compostela¹

Naceu en Viveiro (Lugo) o 5 de Xullo de 1877 e morreu en Madrid o 29 de Xaneiro de 1953. O nacemento tivo lugar no edificio do antigo convento de S Francisco, onde vivía seu avó materno, D Justo Pico de Coaña y Vijander, mestre de instrución primaria en Viveiro durante mais de tres décadas e eminente pedagogo galego do século XIX. Seu pai, D. Facundo Manuel Barreiro Arias, nado no ano 1852 en Santiago de Piugos en Lugo, foi mestre de primeira ensinanza en Viveiro e despois en Ribadeo.

Estudia a ensinanza primaria e o bacharelato en Ribadeo. Fixo os estudos na Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela entre os anos de 1896 - 1900 cando para poder estudar as mulleres na Universidade era necesario solicitar permiso ao Sr Ministro, non sendo ata o ano 1910 cando as mulleres xa se poden matricular. Desenvolveu a súa profesión en Ribadeo onde instalou unha farmacia na rúa Rodríguez Murias, ata 1912 Rúa S Roque, no local que hoxe ocupa o Bar Cabás e máis a vivenda nos pisos superiores. Segundo o Anuario Médico de 1927 tamén tivo Farmacia en Viveiro (Lugo).

M^a Andrea González Rouco, farmacéutica

Naceu o 12 de Abril de 1911 en Magazos, Rúa Nova, Viveiro (Lugo), e morreu en Santiago de Compostela o 5 de maio de 1988. Seu pai, Bernardo González Otero (1873, Vilalba, industrial) e a súa nai, Maria Rouco Benitez (1883, A Habana), residentes en Magazos. Irmáns: Manuel, M^a Andrea, Lidia del Carmen, Ofelia Petronila, Alicia Pilar e Elena Balbina. Estudou primaria na escola indiana de Magazos e o bacharelato no Instituto de Ensinanza Media de A Coruña. Estudou Farmacia de 1928 a 1934 na Facultade de Farmacia de Santiago.

Exerceu a súa carreira profesional primeiro como rexenta en dúas oficinas de Farmacia (os donos non tiñan o título de licenciados). Rexenta na localidade de Carballo (A Coruña) a oficina de farmacia de D. Constantino Enríquez Gundín, desde o 4 de maio de 1938, continuando dito exercicio nos meses seguintes. Rexenta, tamén, na localidade de Betanzos (A Coruña) a oficina de farmacia de D. Carlos Castro Ares, desde o 28 de outubro de 1939 ao 28 de novembro de 1941. E foi Titular da oficina en Santiago de Compostela (rúa Orfas nº 24); desde o 1 de decembro de 1941 a o 6 de xuño de 1988. Viviu na rúa Cabo Santiago Gómez nº 9 de A Coruña.

M^a del Pilar Cordido Fanego, farmacéutica

Naceu en Viveiro o 19 de Novembro de 1919 e morreu en Betanzos o 15 de maio do ano 2000. Seu pai, Manuel Cordido Pernas (1857, Viveiro), foi médico en Viveiro e a súa irma Concepción Lucia (1908, Viveiro), estudou uns cursos na facultade de Farmacia (1929-31); seu irmán Manuel foi médico en A Coruña. Fixo os estudos de primaria en Viveiro. Estudou na Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela de 1939 a 1946.

Desenvolveu a súa Carreira Profesional como Titular de oficina en A Coruña (Rúa Santiago Gómez nº 5, hoxe Sinfónica de Galicia), do 2 de novembro de 1948 ao 12 de xullo de 1977. Traslada a farmacia a Rúa Manuel Murguía nº 23 ata a xubilación. Foi tamén substituta na dirección técnica da oficina de farmacia de D^a Leonor Cabeza Golán do 5 a o 9 de maio de 1983. E tamén na dirección técnica da oficina de farmacia de D^a M^a Nieves Brizuela Vázquez, do 7 a o 21 de setembro de 1983, e do 15 ao 27 de outubro de 1984.

Francisca Leonor Esperanza Sampedro Costas, médica

Naceu en Gondomar (Pontevedra) o 31 de Xaneiro de 1930 e morre na Coruña o 25 de maio de 2014. Seu pai, Francisco Sampedro Galdo (1901, Viveiro), foi médico en Viveiro. Tivo 2 irmáns Juan José (traumatólogo) e Francisco Javier (xinecólogo e profesor na USC). Tivo dous fillos Francisco e Pedro Mayo Sampedro (estomatólogos).

Iniciou os estudos de Farmacia en Santiago de Compostela en 1947 e no ano 1949 cambia a Medicina onde acaba en 1952. Exerceu como médica de medicina xeral en Viveiro ata a súa xubilación no ano 2000.

REFERENCIAS

Fernández García, M. I. Manuela A. Barreiro Pico, Ribadense destacada, 1^a Licenciada en Farmacia de Galicia (1900), *Ed. Deputación Provincial de Lugo, ISBN 978-84-697-4468-0, DP Lu 102, 2017.*